



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Medio histórico e xeográfico de Galicia e a súa didáctica		Código	652G01029
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Magdalena Vidal, María Victoria	Correo electrónico	victoria.magdalena@udc.es	
Profesorado	Magdalena Vidal, María Victoria	Correo electrónico	victoria.magdalena@udc.es	
Web				
Descripción xeral	<p>A materia está orientada ao traballo experimental, activo e vivencial, de cara a descubrir e comprender a realidade histórica e xeográfica de Galiza no seu conxunto, así como a realidade histórica e xeográfica local en particular, entendendo esta como un recurso didáctico e fonte de traballo versátil no que atinxe ao ensino-aprendizaxe do tempo pasado e da mutación do espazo. Preténdese que o alumnado coñeza a historia e o territorio galego, deseñando unha dinámica didáctica a partir desta dupla realidade.</p> <p>Ensáiase, de maneira experimental, a metodoloxía de traballo por proxectos. Así, a materia defínea a propia dinámica do curso e os centros de interese do alumnado, polo que se trata dun programa flexíbel e aberto, áinda que cunha proposta básica de temas a abordar. O núcleo da materia está formado pola propia metodoloxía experimental, na que se fomenta a participación activa, a creatividade e a autonomía do alumnado.</p> <p>Realizaranse lecturas e debates na aula, así como obradoiros e actividades interdisciplinares; actividades complementadas, na medida do posibel, de saídas ou roteiros culturais pola cidade.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e á mellora en educación infantil.
A26	Saber analizar os datos obtidos, comprender críticamente a realidade e elaborar un informe de conclusións.
A33	Coñecer os fundamentos científicos, matemáticos e tecnolóxicos do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
A36	Coñecer a metodoloxía científica e promover o pensamento científico e a experimentación.
A37	Adquirir coñecemento sobre a evolución do pensamento, as costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia.
A39	Elaborar propostas didácticas en relación coa interacción ciencia, técnica, sociedade e desenvolvemento sustentable.
A40	Promover o interese e o respecto polo medio natural, social e cultural a través de proxectos didácticos adecuados.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B8	Capacidade de adaptación a situacións novedosas.
B9	Autonomía na aprendizaxe.
B10	Capacidade de análise e síntese.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.



B12	Capacidade de organización e planificación.
B15	Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica.
B17	Capacidade para presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos.
B18	Capacidade para relacionarse positivamente con outras persoas.
B20	Coñecemento de outras culturas e de outras costumes.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e comprender o medio cultural de Galicia como espazo dinámico cun importante potencial educador, e como recurso metodolóxico e didáctico de aplicación na Educación Infantil.	A23 A26 A37	B1 B3 B11 B12 B15 B20 B24	C4 C7
Deseñar propostas e actividades didácticas, dende unha metodoloxía de traballo por proxectos, sobre o contorno cultural galego axeitados ó ensino infantil. Aprender a construír proxectos dende o coñecemento e as emocións.	A33 A36 A39 A40	B1 B4 B5 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B17 B18	C1 C4 C6 C7
Fomentar actitudes de valoración, respeto e conservación do patrimonio natural, cultural e histórico de Galicia	A37 A40	B5 B6	C4 C7 C8

Contidos

Temas	Subtemas
Unidade 1. -Introdución.	- Que coñecementos temos do medio histórico e xeográfico galego? - Como pensamos e deseñamos a materia? - Que obxectivos nos marcamos? - Cales son os centros de interese? - De que coñecementos partimos? - Contidos e metodoloxía: propostas. - A interdisciplinariedade e o traballo por proxectos na didáctica do medio xeográfico e histórico de Galiza.



Unidade 2. -Paisaxes naturais, históricas e culturais.	- Que é a paisaxe? - Observacións e análise de paisaxes naturais, históricas e culturais. - As fontes de información e documentación no entorno. - Como ler e interpretar a paisaxe. - O clima, o relevo, a auga, a flora e fauna, a poboación de Galiza, etcétera, para traballar na Educación Infantil.
Unidade 3. -As poboadoras e poboadores de Galiza. Desde a Prehistoria á Idade Contemporánea. -A evolución cultural galega e a súa relación con outras culturas.	- Prehistoria e Historia na Educación Infantil?: a curiosidade, a motivación e os centros de interese. - A Arte e outras manifestacións da comunicación e creatividade. - Experiencias: traballando a historia na E. Infantil dende as emocións, a creatividade e a flexibilidade.
Unidade 4. -Temas monográficos.	- Nesta unidade traballaranse cuestións e temas concretos que vaian xurdindo da propia dinámica da aula e de especial actualidade. Ensaiarase o traballo por proxectos, cunha ou máis temáticas de contidos, recursos e aplicacións didácticas idóneos coa materia. - Os obradoiros estarán directamente relacionados con estes temas.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B1 C1	1	2	3
Aprendizaxe colaborativa	B4 B5 B7 B8 B18	2	7	9
Saídas de campo	A23 A40 B6 C4	6	16	22
Sesión maxistral	A37 B3 B20 B24 C6 C8	5	10.5	15.5
Seminario	A26 A33 A36 A39 B1 B4 B5 B7 B8 B9 B11 B12 B17 B18 C1	11	30	41
Análise de fontes documentais	A26 A37 B3 B10 B11 B15 C4 C7	5	15	20
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	Periodicamente e sistematicamente faranse debates e discusións de ideas previas sobre a motivación, interese e coñecementos con respecto á planificación e desenvolvemento da materia.
Aprendizaxe colaborativa	Organización en pequenos grupos para traballar conxuntamente na resolución de tarefas sobre temas que xurdan da dinámica da propia materia e temas propostos pola profesora.
Saídas de campo	Son saídas concibidas para o coñecemento do medio cultural no seu más amplio ámbito, por medio da aprendizaxe directa. Son a base para a realización de propostas didácticas por parte do alumnado. Poderanse realizar saídas a exposicións, contornos naturais e encraves de interese cultural.
Sesión maxistral	As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema. Terán unha orientación claramente didáctica e de aplicación das aprendizaxes nas aulas de Infantil.
Seminario	Realizaranse traballos en grupo, cun papel decisivo por parte do alumnado no que respecta á participación, discusión, toma de decisións en común, busca de información e documentación, establecemento de metodoloxías, elección de temáticas en relación coa orientación da materia e desenvolvemento dos mesmos. O carácter didáctico será primordial. A profesora guiará esta actividade.



Análise de fontes documentais	Realizaranse actividades para o coñecemento de fontes documentais de ampla diversidade que acheguen información acerca de contidos e, sobre todo, recursos didácticos en relación co medio histórico e xeográfico de Galicia.
-------------------------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Seminario	Os seminarios terán un seguimento personalizado para garantir o cumprimento dos obxectivos e prazos, así como para resolver as dúbidas que fosen xurdindo.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Saídas de campo	A23 A40 B6 C4	A asistencia será obligatoria e puntuará a participación activa, así como nas tarefas previas e posteriores ás mesmas.	40
Seminario	A26 A33 A36 A39 B1 B4 B5 B7 B8 B9 B11 B12 B17 B18 C1	Valorarase a participación e implicación, así como a fundamentación, creatividade e a calidad do traballo grupal a realizar, así como a participación de cada estudiante no marco do mesmo.	40
Análise de fontes documentais	A26 A37 B3 B10 B11 B15 C4 C7	Utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades específicamente deseñadas para a análise dos mesmos.	20
Outros			

Observacións avaliación

Na avaliação terase en conta a asistencia e a participación activa, tanto nas sesións expositivas como interactivas. Valoraranse os coñecementos adquiridos, a comprensión e capacidade de síntese, a claridade expositiva oral e escrita e a participación e cumprimento nas tarefas que se encomenden tanto individuais como en grupo. A saída ao medio será obligatoria.

Para superar a materia os/as alumnos/as deberán superar cada unha das partes da avaliação, sendo necesario asistir ao 80% das clases.

Terán carácter de NON PRESENTADO aqueles/as alumno/as que non se presenten a algún dos apartados da avaliação.

Evaluación da segunda oportunidade: se gardan as actividades aprobadas nas sesións interactivas e a Saida o Medio.

O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia deberá presentar a tarefa correspondente a análise de fontes documentais (20%), así como un traballo final (80%).

Nos traballos a realizar, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade incurrida en copia do traballo de terceiros. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

Igualmente, será imprescindible a corrección lingüística á hora de dar por superados os devanditos traballos.

Todos los aspectos relacionados con "dispensa académica", "dedicación al estudio", "permanencia" y "fraude académica" se regirán de acuerdo con la normativa académica vigente de la UDC."

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Aldrey Vázquez, J.A., Lois González, R.C. ((2010)). Breve Xeografía de Galicia. Vigo: A Nosa Terra- Beramendi, J. ((2016)). Historia mínima de Galicia. Madrid: Turner Publicaciones- Cooper, H. ((2002)). Didáctica de la historia en la enseñanza infantil y primaria. Madrid: MEC-Morata- Castro, X. ((2007)). Historia da vida cotiá en Galicia. Vigo: NigraTrea- Dieguez Cequiel, U.-B. (coord.) ((2015)). Reflexións arredor da Galiza para o debate. Historia, Xeografía.... Compostela: FESGA- Méndez Fernández, L. ((2000)). Por que se chama así este sitio. Santiago: Lea- Pérez Alberti, A. ((2008)). Espacios naturales de Galicia. Lundwerg- Mariño, X.R. & González, X.M. ((2010)). Diccionario de etnografía e antropoloxía de Galiza.. Vigo: Nigratrea.- Egan, K. ((2010)). Learning in Depth. Chicago: The University of Chicago Press- Varios Autores ((1991-2008)). Galicia. Proxecto Hércules. A Coruña: Hércules Editorial.- Varios Autores ((1999)). Atlas histórico de Galicia. Vigo: Nigra Trea- Varios Autores ((2005)). Historia Xeral de Galicia. Vigo: A Nosa Terra- Villares, R. ((2004)). Historia de Galicia. Vigo: Galaxia <p>Segundo avance o curso, iranse proporcionando outras referencias más específicas, quer sobre Historia e Xeografía de Galiza, quer sobre Didáctica da Historia e da Xeografía, entre outras.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Medio social e cultural e a súa didáctica/652G01025

Materias que continúan o temario

Observacións

Trátase dunha materia que se realizará, principalmente, cunha metodoloxía de participación activa, na que a propia dinámica do curso irá sinalando os centros de interese do alumnado e, en base a estes, iranse concretando temáticas e actividades a realizar. É por isto polo que a asistencia e participación, en todas e cada unha das actividades desenvolvidas no contexto da materia, será fundamental. A entrega dos traballos realizarase telemáticamente, na plataforma correspondente, se non é posible, non deben empregarse plásticos, elixir a impresión a dupla cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Debe facerse un uso sostíbel dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural e ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos personais e profesionais. -Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...)-Traballarase para identificar e modificar prejuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. -Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías